

# A vizosa alegría do sinxelo

■ MANUEL XOSÉ NEIRA ■

## Xosé Abeal

*Herba do tempo*


Espiral Maior, 2001

54 páxinas. 900 Pt.

**O** libro que comentamos échenos de ledicia pola sinxeleza, o miúdo bo facer e mais a laboriosidade coa que o autor enfrenta estes textos de longura suficiente. O libro titúlase *Herba do tempo*, que é un xeitosiño rótico, e vén da man de Xosé Abeal, sonoro e belo apelido galego. Abeal naceu en Ambroa (outro fermoso topónimo), no concello de Iríxoia, na Coruña, no ano 1954. Realizou estudos de Bacharelato na cidade de Betanzos e licenciouse en Filoloxía Clásica en Santiago. Desde 1981 exerce como profesor de Ensino Medio, na actualidade no IES Salvador de Madariaga, da Coruña. Poemas da súa autoría viron a luz nas revistas *Poesía Galicia* e mais en *Grial*. Este *Herba do tempo* constitúe o seu primeiro e granado, ou sexa ben logrado, volume en forma de libro.

O primeiro que chama a atención nas obras que comentamos é a tendencia *clasicizante*, a escola paisaxística e tamén nunha sentimentalidade afectiva e sensorial, cun aquel de acedume polo paso do tempo e as preguntas eternas, como son o misterio profundo da morte e ese propio transcurso do tempo. Son poemas sinxelos e moi galegos, coma un viño de decencia. "Das árbores contemplo as follas novas / tan tenras, tan alegres e vizosas / que aonda non ben a volta dás xa están / no chan murchas e secas podrecendo, / o mesmo penso que é a vida miña: / unha miga de gozo, moitas dores, / e xa anoitece, veñen moi veloces / as tebras a cubrir de sombras todo, / xa só queda a materia insensíbel, / o impalpable po cego, sen memoria / polo vento [...]". Dicia que se trata dunha poesía sensorial, sensitiva, con moita cerna paisaxística, con pretensións de clasicismo, con elementalidade autosuficiente e cun aquel de pouso lentorecido de nostalxia. De veras que Xosé Abeal, sen lograr un libro espléndido, estréase como autor cun volumiño meritorio, acabado, sereno, de leves e fondas diccións coma o sonoro concerto do canto dos grilos nos meses da seitura. O vento polos trigos, o canto das caricantas; unha poesía que se non amosa unha alegría desbordante si posúe a vizosa ledicia dos silencios contidos e mais da sinxeleza. Poemas maduriños coma froitos, útiles. Poesía afectuosa, temporal...

Gorentamos e gústanos esa orientación sinxela e fonda dos versos, dos textos que flúen sen grandes pretensións e por iso mesmo meritorios, amplos e luminosos, cheos de grave e lúcida visión e dicción. Un escorregar de tempo polas canles non esmagadas da poesía. Algo emparenta esta poesía coa "facilidade galega" dun Manuel María, a quen dedica varios textos, ou Xulio Valcárcel: a esenciaalidade e a deleitación morosa da palabra que no autor, Xosé Abeal, adquire novos matices e impresións. A linguaxe é clara e severa, sen concesións á galería e ás excentricidades léxicas e gramaticais. Está, Xosé Abeal, nun roteiro clásico e tamén no noso tempo. Había moito, pois, que non asistíamos a un libro das características deste que estamos a comentar: a elementalidade, a clásica serenidade, a indagación dos misterios da morte e do paso do tempo, o misterio do amor, o misterio das cousas galegas, o gozo de se sentir galego de raizarse. A especulación



MANUEL COIA Ballet (1990)  
Centro Cultural Gaixanova. Vigo

lenta coa palabra, adquirindo unha notable tensión poética e idiomática, quero dicir, limpando a linguaxe do refugallo sentimentalóide e da frouxedade daqueles que non tencian entre lume e auga, como quería Cunqueiro, a diana da palabra. "Olleite cando eras só promesa, / agora xa naciches. Todo treme / cos alentos da tenra luz das augas / que intimamente gardas en lagoas / xunto ós mares tan fondos nos que habitas". E porén o autor non indaga coa profundidade abisal dunha teima consciente por conseguir resposta. Máis ben suxire e clama polos misterios da vida, da morte e da poesía.

Estamos diante dun librillo ben feito, claro, case espido de falsas ornamentacións, reitero que cunha dicción e dicires case prosaicos, no que esta palabra ten de menos pexorativo. Quedamos satisfeitos, entón, coa lectura deste fermoso título *Herba do tempo*, que nos lembra a Cunqueiro e tamén a aquel franciscano poema de Díaz Castro: "Herba pequerrechiña que con medo sorrís / o universo sería máis pequeno sen tí". Un primeiro libro coma unha promesa. Benvido á agra aberta e ao mar da poesía galega.

■ Manuel Xosé Neira é poeta e crítico literario